



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

GALICIAN CONNECTION 2013

18-21 DE ABRIL
MUSEO CENTRO GAIÁS
CIDADEDACULTURA.ORG



GAÍAS CIDADE DA CULTURA

Situada en Santiago de Compostela, a Cidade da Cultura de Galicia eríxese no cumio do monte Gaiás como un formidable fito arquitectónico do novo século dedicado ao coñecemento e a creatividade.

Deseñada polo arquitecto americano Peter Eisenman para acoller as mellores expresións da cultura de Galicia, España, Europa, Latinoamérica e o mundo, esta nova “cidade”, inclusiva e plural, quere converterse nunha “factoría de proxectos” que dinamice o noso tecido de industrias culturais, unha plataforma que lle dea visibilidade ao mellor das nosas expresións artísticas e un punto para o intercambio de ideas e experiencias, conectando Galicia ás redes nacionais e internacionais de creatividade e coñecemento.

Os seus singulares edificios, conectados por rúas e prazas dotados dun avanzado nivel tecnolóxico, configuran un espazo de excelencia para a reflexión, o debate e a acción orientados ao futuro de Galicia e a súa internacionalización.



GALICIAN CONNECTION

Galician Connection
Do 18 ao 21 de abril
Museo Centro Gaiás

Galician Connection é un festival creado para a interacción cultural a través da música, un lugar de encontro con músicos de partes moi distintas do mundo, que dará aos inscritos a posibilidade de coñecer outras tradicións e estilos musicais e dialogar con estas.

Galician Connection porá en contacto directo aos participantes con artistas consolidados por longas traxectorias, o que contribuirá a que novos talentos emerxentes se poidan formar, atopar consello, inspiración e oportunidades de colaboración futuras.

Galician Connection é unha plataforma de difusión da música galega noutros países do mundo. É unha plataforma de lanzamento de novas ideas que xorden desta convivencia e traballo conxunto, promovendo o emprendemento cultural como vía imprescindible para o desenvolvemento e innovación do sector cultural.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES ABRIL 2013

XOVES 18

- 10:30 h. **Apertura oficial Galician Connection 2013**
- 12:00 h. **CONECTA!**
Cos músicos convidados
Cos participantes
Primeira toma de contacto entre músicos e convidados e posterior debate onde abordar temas como o emprendemento cultural, situación da industria musical en Galicia ou o compromiso social dos músicos
- 14:00 h. Pausa Xantar
- 17:00 h. **EMPRENDE!**
Foro de Emprendemento Cultural
Representantes de diferentes proxectos culturais de todo o mundo revelarán os pasos dados para convertilos en iniciativas de éxito. (Acceso de balde previa reserva de praza)
- 20:30 h. Fin da primeira xornada

VENRES 19

- 12:00 h. **CREA!**
Ensaio abertos
Preparación do Concerto Galician Connection 2013
- 14:30 h. Pausa Xantar
- 16:00 h. **COÑECE!**
Maletas musicais
Obradoiros formativos a cargo dos mestres convidados sobre as diferentes tradicións e instrumentos musicais que representan.
- 18:30 h. **CONECTA!**
Cara a cara
Encontros individualizados e de breve duración entre os participantes e os músicos convidados que máis lle interese coñecer a nivel profesional.
- 21:00 h. Fin da segunda xornada

SÁBADO 20

- 10:00 h. **CREA!**
Ensaio para o Concerto Galician Connection 2013
Os inscritos poderán asistir aos ensaios do gran concerto de clausura a cargo dos oito músicos convidados
- 11:00 h. **CREA!**
Ensaio para o Vermú-Connection
Sesión de preparación da jam session que terá lugar o domingo a cargo dos inscritos
- 12:00 h. **COÑECE!**
TecnoLAB
Laboratorio de son, iluminación, produción técnica e estruturas.
- 14:30 h. Pausa Xantar
- 16:00 h. **COÑECE!**
Continuación do TecnoLAB
(asesoría xurídica e produción)
- 21:00 h. **COMPARTE!**
Concerto Galician Connection 2013

DOMINGO 21

- 13:00 h. **COMPARTE!**
Vermú-Connection
Jam session aberta a todo o público que queira gozar dun ambiente divertido de improvisación e creación a cargo dos inscritos.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

Galician Connection ofrécete un programa completo de actividades diferentes que te permitirán CONECTAR cos demais inscritos e cos músicos convidados de xeito personalizado; COÑECER as súas tradicións musicais e os seus proxectos, mergullarte no mundo da produción musical e aprender no directo, deixarte con-

taxiar polo afán de EMPRENDEMENTO dos convidados e compartir con eles os teus propios proxectos; poderás observar non só o resultado senón o proceso completo de CREACIÓN colectiva do concerto e COMPARTIR co público os resultados do diálogo da túa música coa doutros participantes.

CONECTA!

COS MÚSICOS CONVIDADOS

Tras a sesión de presentación e apertura oficial do Galician Connection 2013, os músicos convidados e os participantes inscritos, reunidos nun mesmo espazo, terán a oportunidade de empezar a coñecerse e conectar.

Esta actividade será especialmente de interese xa que todos os artistas convidados, ademais de músicos de grande prestixio, teñen un perfil emprendedor que os levou a poñer en marcha proxectos innovadores no ámbito cultural, social, etc, que seguro serán unha referencia para os participantes.

O xeito de crear as súas vidas na música, as diferentes procedencias, tradicións musicais e estilos dos músicos convidados, farán deste encontro unha primeira toma de contacto especialmente enriquecedora.

COS PARTICIPANTES

Por outro lado, os participantes inscritos tamén presentarán as súas realidades profesionais, as súas formas de traballo, etc, posibilitando que se coñezan

ente eles e que poidan xerarse redes de colaboración para futuros proxectos.

Nunha segunda parte xerarase un debate, moderado por Cristina Pato, como primeiro achegamento a algunhas das temáticas que se abordarán nesta edición 2013: emprendemento cultural, situación da industria musical en Galicia, compromiso social dos músicos, etc.

CARA A CARA

Encontros de curta duración entre os músicos convidados e os participantes inscritos. Estes últimos terán a posibilidade de concertar pequenas reunións con aqueles músicos que máis lles interese coñecer a nivel profesional.

Estes encontros suporán unha oportunidade para abordar con eles cuestións particulares acerca da súa traxectoria profesional, as súas técnicas, formularlles dúbidas ou pedirllas a súa opinión sobre futuros proxectos ou aqueles que xa estean en marcha.



COÑECE!

MALETAS MUSICAIS

Durante a primeira parte da tarde do venres sucederanse talleres formativos impartidos por cada un dos oito músicos convidados, onde os participantes poderán afondar no coñecemento de distintas realidades musicais do mundo. A presenza, entre os músicos, de especialistas en instrumentos singulares, facilitará o achegamento práctico a algunhas das tradicións e técnicas musicais por eles representadas. Todos os artistas comparten o xeito de ter creado unha carreira única no mundo da música e con este workshop poderemos achegarnos aos seus pensamentos e as súas estratexias.

TECNOLAB

Durante a xornada de preparación técnica do concerto Galician Connection 2013, desenvolverase un labora-

torio de son, iluminación, produción técnica e estruturas, coordinado por profesionais experimentados nestas materias e contando coa colaboración dos equipos de montaxe e produción do Galician Connection. Estas accións irán dirixidas aos inscritos e a un grupo seleccionado de estudantes de escolas de imaxe e son de Galicia.

Nestes laboratorios, os alumnos poderán compartir in situ o desenvolvemento das sesións de montaxe, ensaios e probas do concerto, nos que terán a oportunidade de colaborar e participar activamente. Galician Connection pretende ser unha ferramenta para a capacitación profesional dos estudantes en formación, ofrecéndolles unha experiencia profesional real nun evento único, que lles servirá para afianzar conceptos fóra da aula, e axudaralles na súa futura inserción laboral, dentro dun mercado cada vez máis competitivo.



EMPRENDE!

FORO DE EMPRENDEMENTO CULTURAL

Este foro será unha inxección de adrenalina para os asistentes: emprender é posible e darémosche claves para facelo. Para iso, invitaremos a catro representantes de diferentes proxectos culturais de todo o mundo que se atreveron a emprender e poñer os seus proxectos en marcha. Eles revelaranos os pasos que seguiron para conseguilo: como xurdiu a idea, os que foron os seus colaboradores, que recursos utilizaron, os seus erros, os seus éxitos, os seus consellos...

LAURA FREID. Directora executiva do Silk Road Project, organización sen ánimo de lucro que conecta músicos, compositores, artistas e audiencias de varios continentes, promovendo a innovación e a aprendizaxe a través das artes. Ademais é a impulsora do programa Cultural Entrepreneurship da Harvard Business School, unha das escolas de negocio máis importantes do mundo.

WILLIAM HARVEY. Músico e fundador de Cultures in Harmony. A través desta organización creou máis de vinte proxectos en doce países para promover o entendemento cultural a través da música, dando voz aos orfos con sida en Zimbabue, a nenas en situación desfavorecida en Exipto ou á tribu Yoro en Papua de Nova Guinea. William reside en Afganistán dende o ano 2010, onde está a levar a cabo un proxecto de inte-

gración musical con nenos afganos.

WOMEX. O Foro de Emprendemento Cultural contará coa participación dun dos fundadores da empresa Piranha Musik, responsable da feira de world music e música tradicional máis importante a nivel internacional: WOMEX. Tras 17 edicións ás costas, a feira, exemplo contundente de emprendemento cultural, celebrará a edición de 2014 na Cidade da Cultura de Galicia.

JOAQUÍN MARTÍNEZ. Director de Esmerarte Servicios Artísticos S.L., unha empresa referente dentro do sector musical galego e nacional. Emprendedor nato, promoveu proxectos como o Festival PortAmerica, o VigoTransforma ou o Festival Cultura Quente.

Os emprendedores de calquera sector que estean a pensar por en marcha un proxecto terán a oportunidade única de coñecer e debater con catro convidados, extraendo ferramentas que lles poidan axudar a facer realidade as súas ideas.

Aberto ao público xeral e a emprendedores interesados en desenvolver o seu proxecto, terá lugar no Museo Centro Gaiás na tarde do xoves 18 de Abril a partir das 17:00 h. Trátase dunha actividade incluída dentro do Galician Connection 2013, acceso de balde previa reserva de praza na páxina web cidadedacultura.org



CREA!

ENSAIOS ABERTOS

A sesión de ensaios na que os músicos convidados traballarán na preparación dos temas do concerto Galician Connection 2013 estará aberta aos participantes inscritos favorecendo así unha oportunidade única á que normalmente non se ten acceso: un achegamento en directo ao proceso de creación colectiva dun concerto. Así mesmo, como continuidade desta primeira sesión de ensaios terán a posibilidade de asistir ás

probas de son do concerto do sábado onde observar o paso previo ao directo, completando e sendo partícipes do ciclo completo de creación do concerto.

Os inscritos ás xornadas terán acceso exclusivo ao concerto do sábado. Despois de ter presenciado o proceso creativo e de produción, os inscritos poderán opinar sobre o programa a presentar, e axudar a prever os altos e baixos da creación dun repertorio dun concerto.

COMPARTE!

CONCERTO GALICIAN CONNECTION 2013

MUSEO CENTRO GAIÁS

SÁBADO 20 DE ABRIL ÁS 21:00 H

Dirección artística: Cristina Pato

Con:

Jorge Pardo

Omar Sosa

Wu Tong

Rosa Cedrón

Isaac Palacín

William Harvey

Víctor Prieto

Eliseo Parra

O proceso creativo, e a capacidade interrelacional entre as disciplinas musicais presentes no elenco de convidados de Galician Connection, ábrese ao público, en modo de concerto, cun resultado único e exclusivo para as persoas que visiten o Museo Centro Gaiás na Cidade da Cultura.

Oito mestres da música internacional unidos sobre un escenario despois dun proceso de traballo colaborativo, non só nos catro días de convivencia, senón tamén durante os meses previos. A selección cuidada de artistas desta segunda edición, xuntará traxectorias moi diversas de calidade extraordinaria, que compartirán escenario xunto con Cristina Pato, nun espazo habilitado especialmente para a noite do sábado dentro do Museo Centro Gaiás.

Un directo do que só se poderá gozar nesta ocasión, e que supón un modelo de programación cultural

diferencial, un laboratorio de estilos, sons e formas de sentir a música que desembocará nun espectáculo único, no que músicos e espectadores gozarán a partes iguais.

VERMÚ-CONNECTION

MUSEO CENTRO GAIÁS

DOMINGO 21 DE ABRIL ÁS 13:00 H

Galician Connection facilitará un escenario aberto para impulsar a participación activa dos músicos inscritos. Unha actividade a modo de Jam Session en sesión vermú que promoverá a conexión real a través do directo.

Os protagonistas serán pois aqueles músicos inscritos que desexen participar dunha sesión de creación colectiva e interconexión con outros músicos, unha oportunidade para amosar o seu talento e a súa capacidade de diálogo e entendemento mútuo.

Habilitaremos no desenvolvemento do Festival, tempos e espazos nos que os participantes nesta Vermú Connection poidan coñecerse e organizarse de cara a esta sesión de peche da edición 2013.

Esta actividade estará aberta a todo o público que desexa gozar dun ambiente divertido, de improvisación e de creación na Cidade da Cultura.

A xornada do domingo servirá tamén como conclusión e recolección de ideas e pensamentos xurdidos despois do concerto. Entre todos crearemos unha visión crítico-constructiva.

DIRECCIÓN ARTÍSTICA



CRISTINA PATO

DIRECTORA ARTÍSTICA DE GALICIAN CONNECTION.

Doutorada con honores pola Rutgers University (EEUU), actualmente é profesora adxunta da New Jersey City University. Forma parte do Silk Road Ensemble do cellista chinés Yo-Yo Ma, co que está a desenvolver un proxecto de colaboración coa Harvard University.

Seguindo a estela do seu mentor, Cristina Pato asume a dirección artística do festival promovendo neste caso a conexión galega coas músicas do mundo, empregando a súa experiencia fora das nosas fronteiras para proxectar a visión da música galega no panorama musical internacional. A carreira profesional

de Cristina Pato inclúe catro discos como gaitreira solista, dous como pianista e un premio Grammy.

Na tempada 2011-2012 Cristina Pato realizou xiras por EEUU, China e Corea con Yo Yo Ma, pola India con HUM Ensemble, e por Angola e EEUU coa súa propia banda. Lanzou o disco Miles Español con artistas como Chick Corea e Jack DeJonnnette, e participou na gala dos Kennedy Center Honors da CBS, acompañando a James Taylor, dirixida por John Williams, honrando ao seu mentor Yo Yo Ma. A gala foi presidida polo presidente dos EUA, Barack Obama, e retransmitida pola CBS cunha audiencia de 10 millóns de espectadores. Ademais coordinou as residencias do Silk Road en Harvard dando clases, estreas e concertos.

MÚSICOS CONVIDADOS



WU TONG

SHENG, E INSTRUMENTOS CHINOS TRADICIONAIS. CHINA

Unha das figuras máis importantes da música tradicional chinesa e un referente a nivel mundial do instrumento chinés: o Sheng, especie de órgano de boca. Wu Tong acumula varias nominacións aos premios Grammy e ademais é considerado tamén como un dos pioneiros no panorama musical chinés en mesturar a súa tradición co rock coa histórica banda Lunhui. Colaborador da New York Philharmonic e de Yo-Yo Ma, Wu Tong foi un neno prodixio da música chinesa.



OMAR SOSA

PIANO E PERCUSIÓN. CUBA.

Este cubano, compositor, produtor, pianista, percusionista e líder de diversas formacións, xa conta na súa carreira con 17 discos e tres nominacións aos

Grammy. A súa música mestura os ritmos do mundo con elementos de electrónica contemporánea empregando como base os sons máis tradicionais de África e Cuba interpretados por un verdadeiro latin-jazz. Internándose na tradición cubana do son, o danzón e o cha-cha-cha lembra ás lendarias big bands afro-cubanas baixo a particular visión deste músico que desprega o seu carisma no escenario con execución dinámica e capacidade de improvisación sobre o piano.



WILLIAM HARVEY

VIOLÍN. ACTIVISTA CULTURAL. EEUU, AFGANISTÁN.

Violinista estadounidense, director de orquestra e compositor, William Harvey é graduado por The Juilliard School e actuou como solista en escenarios como o Carnegie Hall. Profesor de violín e viola no Instituto Nacional de Música de Afganistan, é o fundador e co-director da primeira formación nada neste instituto, a Afghan Youth Orchestra. En 2005 funda a ONG Cultures in Harmony que promove máis de vinte proxectos en doce países.

MÚSICOS CONVIDADOS



VÍCTOR PRIETO

ACORDEONISTA. GALICIA, EEUU

Bolseiro pola Escola de Jazz de Berklee, Victor Prieto é o único acordeonista especializado en Jazz performance en dita escola. Afincado en Nova Iorque traballa como Profesor de acordeón de Jazz no Brooklyn Conservatory. Ten tocado e gravado con The Maria Schneider Jazz Orchestra, Arturo O’Farrill Latin Jazz Orchestra ou Paquito D’Rivera entre outros.



JORGE PARDO

SAXOFONISTA E FRAUTISTA. MADRID.

Jorge Pardo conseguiu definir unha nova linguaxe mestiza entre o jazz de raíz e o flamenco. Vén de ser recoñecido Mellor Músico Europeo de jazz pola Academia Francesa de Jazz. Unha traxectoria marcada pola súa atracción polos instrumentos de vento levoulle da man, desde os locais de Madrid onde em-

pezou, a colaborar durante anos con Paco de Lucía ou gravar xunto a Camarón. Unha intensa produción discográfica con colaboracións destacadas como a de Carles Benavet e Tino di Geraldo cos que conformou no traballo *El Concierto de Sevilla*, un trío onde a mestizaxe entre o latino, o flamento e o jazz toma unha dimensión propia no panorama musical. Desde 2004 forma parte da xira internacional de Chick Corea, a chamada Touchstone Tour.



ELISEO PARRA

VOZ E PERCUSIÓN. VALLADOLID.

Eliseo Parra convértese en músico profesional e estudante libre no Conservatorio Municipal de Barcelona aos 18 anos. Percorreu medio mundo actuando coa súa fiel banda e colaborou con grande parte das formacións de “recreación tradicional” da Península. Emprendedor multifaceta cabe destacar tamén a súa “Suite Romance”, que estreou o Ballet Nacional xunto coa Orquestra Sinfónica de Madrid e o seu traballo como músico e actor para a Compañía Nacional de Teatro Clásico. Desenvolve a súa labor docente desde hai seis anos como mestre de percusión e canto tradicional.

MÚSICOS CONVIDADOS



ISAAC PALACÍN

PERCUSIÓN. GALICIA.

Formouse como batería e percussionista entre Galicia e La Habana, aprendizaxe que completou con clases de percusión afrocubana e de percusión tradicional galega. Desde 1995 ata a actualidade forma parte de Berrogüetto e ao longo da súa carreira participou como convidado ou colaborador en diversas gravacións de distintos xéneros, con grupos como Na lúa, Herdeiros da crus, Beladona ou The Chieftains. Paralelamente efectúa tarefas de gravación e coprodución artística con Chouteira, Santi Quintáns, Paco Charlín e o Seminario Permanente de Jazz entre outros.



ROSA CEDRÓN

VOZ, VIOLONCHELO. GALICIA.

Unhas das voces femininas máis destacadas do panorama musical galego. Cedrón comeza a estudar violonchelo con só oito anos e sendo estudante entra a formar parte da Orquestra de Cámara Municipal de A Coruña. Foi profesora do Conservatorio de Música de Ferrol antes de se converter na voz do grupo Luar na Lubre. En 1998 é convidada por Mike Oldfield a gravar con el no seu disco Tubular Bells II e a presentación mundial do disco en Londres.

INFORMACIÓN PRÁCTICA

Organiza: Cidade da Cultura de Galicia.
Produce: Nordesía.

GALICIAN CONNECTION PROGRAMA COMPLETO

Inclúe participación en todo o programa formativo, o Foro de Emprendemento Cultural, o Concerto Galician Connection 2013 e o Vermú-Connection.

O conxunto de actividades dirixido a músicos, intérpretes, docentes e estudosos do panorama musical profesional. (NOTA: trátase dun criterio preferente pero non excluínste).

Datas: 18, 19, 20 e 21 de abril.
Lugar: Museo Centro Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia.
Inscripción: www.cidadedacultura.org
Prezo: 90 euros.
Desconto para estudantes: 70 euros.

FORO DE EMPRENDEMENTO CULTURAL

Aberto ao público xeral, está especialmente dirixido a programadores, xestores e técnicos culturais e todas aquelas persoas interesadas no desenvolvemento do sector musical.

Data: 18 de abril.
Hora: 17:00 horas.
Lugar: Museo Centro Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia.
Entrada de balde previa inscrición en www.cidadedacultura.org

CONCERTO GALICIAN CONNECTION

Data: 20 de abril.
Hora: 21:00 horas.
Lugar: Museo Centro Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia.
Prezo: 15€
Venta de entradas:
Punto On da Cidade da Cultura
servinova.com (15 euros+gastos de xestión)
Prezo en billeteira: 18€.

VERMÚ-CONNECTION

Data: 21 de abril.
Hora: 13:00 horas.
Lugar: Museo Centro Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia.
Prezo: entrada libre e de balde.

PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

Banco Gallego



Campo



Estrella Galicia 





GAIÁS CIDADE DA CULTURA



fundación cidade
da cultura de galicia



XUNTA
DE GALICIA